

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE MARZO DE 2006

Ás 9.30 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, a Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia o Sr. Faiña Medín e o Sr. Rodríguez Fernández.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dando conta da carta remitida polo Excmo. Sr. D. Aníbal Antonio Cavaco Silva, Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, en que agradece as felicitacións por el recibidas da Universidade da Coruña pola súa recente elección como presidente da República de Portugal. Tamén informa detalladamente da visita institucional da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e do director xeral de Promoción Científica e Tecnoloxía do Sistema Universitario de Galiza ao Campus de Ferrol. Igualmente, o Sr. Reitor informa de que a chamada formalmente Comisión Externa fixo público unha relación de graos, co seu respectivo calendario de estudo e coa aprobación de directrices, que xa se deu a coñecer publicamente entre os membros da comunidade universitaria.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que comunica que, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente as obrigas xeradas no exercicio 2005 por unha contía de 945.443,42 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento e despois dos informes favorables do Servizo de Intervención. Pola súa parte, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, consonte o parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención, validou os expedientes de gasto e a correspondente imputación deles aos créditos de 2006 de obrigas xeradas por unha contía de 1.492.316,66 euros na súa sesión do 17 de febreiro.

En relación ao Plano estratéxico, o Sr. Vicerreitor Estratexia e Planificación Económica tamén comunica que o Diagnóstico estratéxico está xa elaborado, que se resume no cadro que se repartiu neste consello e que figura como **ANEXO II**, polo que, despois de se comunicar a este órgano o resultado, procederase á publicación do documento que remata a fase 2. O proceso de elaboración pódese resumir nas seguintes etapas:

- Remitiuse aos grupos de apoio (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade) o cuestionario de 208 ítems deseñado para o diagnóstico interno e externo da UDC. Aproveítase esta ocasión para reiterar o agradecemento polo labor dos membros destes grupos, que acadaron un 90% de resposta a pesar da extensión do cuestionario.
- A Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica complementou os documentos incorporados na web da Oficina de Planificación Estratéxica

remitindo aos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade) as análises correspondentes aos seus respectivos grupos de apoio.

- Os membros das comisións contestaron ao cuestionario en que se lles preguntaba polas principais ameazas, oportunidades, fortalezas e debilidades da UDC. Por pedimento dalgúns deles concedeuse unha prórroga nesta fase, que se xustifica na acumulación de tarefas académicas e de xestión ao final do pasado ano.
- A partir da información anterior, a Comisión de Estratexia elaborou un borrador do cadro resumo das opinións expresadas polos membros das comisións que se remitiu de novo a estes.
- As tres comisións reuníronse por separado para discutir o borrador anterior. Participou nas reunións o 80% dos seus membros.
- A Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica elaborou un cadro que, despois de se someter de novo á revisión dos comisionados, axuntase como froito do debate das comisións.

Do resultado deste proceso, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica desexa destacar os seguintes puntos:

- Produciuse unha notabilísima converxencia entre os puntos de vista expresados, non só entre os membros de cada comisión senón tamén entre as análises das distintas comisións, e acadouse un documento que é froito do consenso entre todas as persoas participantes.
- Na análise externa da UDC destácanse a competencia con outras universidades e o proceso de integración no EEES como os grandes retos a que a nosa institución se enfronta, e son considerados ao mesmo tempo como as maiores oportunidades e as maiores ameazas.
- No referente á análise interna, pódese constatar que varias das fortalezas teñen que ver coa importancia do ámbito tecnolóxico, desde perspectivas tan distintas como o atractivo do noso mapa de titulacións ou como ao impulso das novas tecnoloxías na docencia e na xestión, e que entre os puntos febles dominan os relacionados coa investigación, aínda que as carencias en infraestruturas se estenden tamén a outros ámbitos.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Académica finaliza a súa intervención poñéndose a disposición do Consello de Goberno para recibir as suxestións ou realizar as aclaracións oportunas.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen comunica que, por Resolución do vicerreitor de Estudantes coa data do 6 febreiro de 2006, procedeuse a apertura da convocatoria de intercambio de prazas dentro do PROGRAMA SICUE para o curso académico 2006/07, facéndose públicos, segundo as bases da convocatoria, os resultados provisionais do proceso de selección o pasado día 17 de marzo (que poden consultarse na páxina web da UDC e nos taboleiros de anuncios dos centros e no LERD), sen prexuízo de que as persoas candidatas seleccionadas teñan a posibilidade, no seu momento, de concorreren ás convocatorias de bolsas que apoian este programa de intercambio, particularmente as bolsas SENECA.

O Sr. Vicerreitor de Estudantes tamén informa da publicación o 13 de febreiro de 2006 da CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACTIVIDADES ESTUDANTÍS correspondente ao exercicio 2006 e do procedemento que se ten que seguir para a resolución das solicitudes formalizadas (en concreto, ao rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno reunírase o vindeiro venres, día 24 de marzo, para proceder á súa avaliación e, de seguido, a Vicerreitoría de Estudantes fará pública a resolución motivada da convocatoria).

De igual modo, o Sr. Vicerreitor de Estudantes comunica ao Consello de Goberno que a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) acaba de presentar hai uns días o informe do pasado curso 2004/2005 relativo ao PROCESO DE INCORPORACIÓN DOS ESTUDANTES AO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO, que é de suma importancia, unha razón pola que a Vicerreitoría de Estudantes acaba de remitir a todos os centros da Universidade da Coruña o informe en cuestión.

Tamén comunica ao Consello de Goberno que, o día 13 do pasado mes de febreiro, publicouse a CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA PRODUCCIÓN DE MATERIAIS AUDIOVISUAIS NO SAPE. Sinala que, despois de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, na vindeira reunión da Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno procederase á selección das 4 persoas bolseiras seleccionadas e que os materiais que se ten que producir teñen que ver coa propia presentación do SAPE aos estudantes, así como a captación de alumnado de bacharelato e de universidades europeas dentro do programa ERASMUS.

Precisamente en relación coa captación de estudantes, o Sr. Vicerreitor de Estudantes tamén comunica que nestes días se están a realizar as tradicionais Xornadas de Orientación Académica dirixidas ao alumnado das áreas de influencia da Coruña e de Ferrol. No primeiro caso, teñen lugar, como vén sendo habitual, na ETS de Náutica e Máquinas e coa colaboración do Concello da Coruña. Neste mesmo apartado, quere destacar a presenza da nosa Universidade na Feira Aula 2006, que ten lugar en Madrid os primeiros días deste mes e, coa participación tamén da nosa Universidade, da primeira semana de abril, nas Xornadas de Orientación Académica organizadas polo Concello de Oleiros, e na Feira de Porto (Portugal), a que se asistirá xunto coas outras universidades galegas e a propia consellaría.

E xa para rematar, o Sr. Vicerreitor de Estudantes informa da nova composición, motivada por certos cambios, do Xurado de selección de bolseiros, que agora conta coas seguintes persoas:

- a. Vicepresidente: D. Manuel Galdo Pérez, xerente da UDC.
- b. Vogais: Prof. Moisés Canle López, Prof. José Angel Brandariz García.
- c. Representante da Comunidade Autónoma: Dna. María Isabel Doval Ruiz, subdirectora xeral de Universidades da Xunta de Galiza.

- d. Representante da Dirección Provincial do Ministerio de Educación: D. José Antonio López Blanco, director da Alta Inspección de Educación en Galiza.
- e. Representantes de estudantes bolseiros do Estado: D. Rubén Aguión Seoane, Dña. María Torres Pose, Dña. Eva María Espiñeira Bellón.

O vicerreitor de Estudantes, como presidente do xurado, quere facer constar o seu agradecemento ás persoas que formaron parte del e concretamente ás seguintes persoas: D. Rafael Couto Lestao, o profesor Julio Abalde, o profesor Santiago Roura, D. Ubaldo Rivas, D. Pedro Armas, así como os estudantes que actuaron en representación dos bolseiros do Ministerio.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, que informa dos convenios que se asinarán coas consellarías de Vivenda e Solo e do Medio Rural da Xunta de Galiza.

A propósito do Convenio asinado coa Consellaría de Vivenda e Solo (formalmente denominado “Convenio de colaboración entre a Consellaría de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña para a xestión urbanística e adquisición de terreos no campus universitario de Elviña, con destino a usos residenciais universitarios”), o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinala que a súa sinatura trae causa do feito de que unha das preocupacións do equipo de goberno desde o momento de asumir as súas responsabilidades foi a de dar unha resposta ao problema do aloxamento universitario na Universidade da Coruña, tendo en conta que a nosa universidade, na súa condición de servizo público de educación superior, precisa de infraestruturas que satisfagan as necesidades dos seus potenciais usuarios e faga eficaz o sistema universitario. Unha das infraestruturas esenciais é a destinada a ofrecer alternativas de aloxamento a unhas partes significativas da poboación universitaria que, polas características dos centros en que se presta o servizo, deben trasladar a súa residencia habitual durante un período longo da súa vida (entre 5 e 8 anos). Até este momento a Universidade da Coruña é unha das poucas universidades do Estado (e a única en Galiza) en que o problema do aloxamento universitario foi considerado un aspecto marxinal no proceso de construción do medio social universitario, como acredita o feito de que a inmensa maioría dos estudantes da Universidade da Coruña só ten como alternativa para resolver o seu problema de aloxamento o mercado libre de aluguer de vivendas (e todo isto nunha universidade cuxo campus principal só está comunicado por transporte público co reducidísimo termo municipal da Coruña, e nunha cidade en que o prezo da vivenda e o prezo do aluguer son dos máis altos da Comunidade Autónoma). A consideración do problema do aloxamento como un asunto “estritamente privado” que ten que resolver cada estudante levou a unha situación que depara un trato inxusto para miles de universitarios que optaron pola nosa universidade como lugar de formación e de aprendizaxe, tendo que aturar eles ou as súas familias o elevado custo do aloxamento no mercado libre de vivenda, e tendo tamén que reconducir unha parte significativa dos seus recursos económicos ao financiamento do fenómeno especulativo en que está inmerso o sector inmobiliario e ao que a vivenda en alugueiro para estudantes non é en absoluto alleo.

Precisamente por isto, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental xustifica que o equipo de goberno da nosa universidade tomase a iniciativa de crear un escenario en que fose posible desenvolver unha política de aloxamento destinada a ofrecer ao colectivo universitario unha alternativa ás súas necesidades de vivenda durante a súa estancia na Universidade da Coruña, concretamente unha alternativa diferenciada e propia acorde coa condición de servizo público que ten a universidade. A iniciativa en cuestión xa se plasmara por escrito no informe titulado “Política de vivenda e universidade”, en que se parte da necesidade de establecer unha relación estreita entre a política de aloxamento universitario e a política de vivenda, e que foi presentado ao Ministerio da Vivenda da Administración Xeral do Estado, á Consellaría de Ordenación do Territorio do anterior goberno autonómico, e por último, á Consellaría de Vivenda e Solo do novo Goberno da Xunta de Galiza. Neste sentido, a Universidade da Coruña quere agradecer á Sr. Teresa Táboas, conselleira de Vivenda e Solo, a sensibilidade que amosou desde o primeiro momento a respecto da iniciativa da Universidade da Coruña, ao pular desde o primeiro momento pola sinatura do convenio a que antes se fixo mención e que é pioneiro nas universidades do Estado sobre política de vivenda e política de aloxamento para un colectivo tan específico como o universitario. Sempre segundo o Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, o convenio en cuestión alcanza a cifra de 6.150.000 euros, dos que a Consellaría de Vivenda e Solo achega a cantidade de 6.050.000 euros, abríndose a porta á posterior edificación de 20.000 metros cadrados de edificación residencial universitaria para aloxamentos en réxime de alugueiro. Como a edificación alcanzará aproximadamente os 12.000.000 euros, haberá unha inversión total de máis 18.000.000 euros ao servizo da comunidade universitaria, participando a Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental, na definición dos programas de necesidades universitarias e no proceso de desenvolvemento dos instrumentos urbanísticos e dos proxectos necesarios.

Finalmente e a respecto do convenio que se asinou coa Consellaría do Medio Rural (formalmente denominado “Convenio de colaboración para a recuperación paisaxística, agrícola e forestal de terreos do monte da Zapateira”), o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental explica que se trata dun convenio que ten por obxectivo a realización, por parte da Consellaría do Medio Rural e da Universidade da Coruña, dun proxecto para a recuperación paisaxística, agrícola e forestal duns terreos localizados no Campus da Zapateira, próximos á Facultade de Ciencias, á Facultade de Filoloxía e á Escola Técnica Superior de Arquitectura, alén dos usos polivalentes como espazo de lecer e docente. Trátase, en definitiva, dunha experiencia piloto que pretende a consecución dun espazo onde o crecemento urbano sexa compatíbel co desenvolvemento da explotación dos recursos agrícolas e forestais.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, que comunica ao Consello de Goberno que a Universidade da Coruña, a través do seu Consello Social, e mais a FUAC decidiron iniciar as actividades da sociedade mercantil de responsabilidade limitada “Corporación Universidade da Coruña, SL” (cuxa creación foi aprobada polo Consello Social da Universidade da Coruña, no pleno celebrado o 20 de decembro de 2002, e polo Padroado da FUAC, que

se realizou o 1 de abril de 2003), que está participada por partes iguais pola Universidade da Coruña a través do Consello Social e pola FUAC. A Corporación fora escriturada coa data do 29 de decembro de 2003, e realizouse coa mesma data a súa primeira xunta xeral de socios e o seu o primeiro consello de administración, aínda que, tras o cambio de goberno da Universidade da Coruña, a xunta xeral en marzo de 2004 decidiu suspender as súas actividades, que foi o que sucedeu, dun xeito efectivo, o 31 de decembro de 2004. De todos os xeitos —segue a informar o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa—, e entendendo que esta sociedade pode ser un instrumento de cara a potenciar as novas relacións entre a universidade e as empresas, decidiuse reiniciar as actividades na sociedade e cambiar, de acordo co Consello Social e a FUAC, o Consello de Administración. Así, en xuño de 2005 o Padroado da FUAC aprobou designar a D. Ramón Vázquez, xerente da FUAC, e a D. Luis Barral, vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa como representantes no Consello de Administración da Corporación. O Consello Social, no pleno que tivo lugar o 21 de xullo de 2005, decidiu designar como representantes nese consello de administración a D. Anxo Calvo, vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, e a D. Antonio Abril, membro do Consello Social. O 22 de xullo de 2005 realizouse a xunta xeral e consello de administración e acordouse aceptar a renuncia de todos os membros do anterior consello de administración e nomear un novo consello de administración (constituído desde este momento por Luis Barral como presidente, por Juan Carlos Bugallo, adxunto á xerencia da FUAC, como secretario, e Ramón Vázquez, Anxo Calvo e Antonio Abril como vogais). Acordouse tamén a constitución de cinco sociedades mercantís que de maneira paulatina irían comezando as súas actividades (a Sociedade Xestora do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil, SL, a Sociedade Xestora do CIT, SL, a Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions, SL, a Sociedade Xestora de dereitos da Universidade da Coruña, SL e o Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña, SL). Con posterioridade, tras a renuncia que presentou D. Anxo Calvo, foi designado representante do Consello Social na Corporación D. Manuel Galdo, xerente da Universidade da Coruña. En decembro, o Pleno do Consello Social aprobou os orzamentos da UDC para o 2006 en que se contemplaba a ampliación de capital da Corporación e as contribucións da Universidade da Coruña ás sociedades xestoras do CIT e do CITEEC (tamén en decembro o Padroado da FUAC autorizou a ampliación de capital da corporación). O 28 de decembro de 2005 tivo lugar o consello de administración da Corporación, onde se acordou o inicio de actividades; tamén se realizaron xuntas xerais das sociedades xestoras do CIT e do CITEEC, onde se acordou o inicio de actividades das dúas sociedades tras a formalización coa Universidade da Coruña dos respectivos convenios de colaboración (concretamente, os convenios de colaboración entre a Universidade da Coruña e as dúas sociedades asináronse o 7 de febreiro de 2006, e o inicio efectivo das actividades da Corporación Universidade da Coruña, da Sociedade Xestora do CIT e da Sociedade Xestora do CITEEC foi o 13 de febreiro de 2006). Despois de sinalar que as outras sociedades están escrituradas aínda que non iniciaron as súas actividades, o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa remata a súa intervención poñéndose a disposición do Consello de Goberno para responder calquera pregunta que se poida formular na quenda de rogos e preguntas.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, que informa do escrito presentado pola Facultade de Ciencias da Educación, do 9 de febreiro de 2006 (número de rexistro de entrada 1470), sobre a rectificación de erros na proposta de premios extraordinarios de fin de carreira que foi aprobada na sesión do 29 de abril de 2005 do Consello de Goberno, en que figura Nuria López Fiaño polo titulación de Mestre de Educación Primaria no lugar de Nuria Fiaño López, que é o que realmente debe constar.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Secretario Xeral, que informa do nomeamento de D. José Manuel López Vilariño como coordinador do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), do nomeamento de D. Juan Ramón Rabuñal Dopico como coordinador do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), do nomeamento de D. Juan Freire Botana como director do Centro Virtual de Excelencia e do nomeamento de Dna. Concepción Sánchez Blanco como coordinadora da Universidade para a Escola Infantil.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2006

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 26 de xaneiro de 2005.

3. CONTRATOS E CONVENIOS

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 69 convenios que figuran no **ANEXO III**, clasificados en Convenios Marco, Convenios específicos e Convenios para prácticas.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

4. CALENDARIO ACADÉMICO 2006/2007

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica presenta, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o calendario académico 2006/2007, de aplicación en toda a Universidade da Coruña, aínda que con certas matizacións no caso concreto da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, precisamente coa finalidade de adecualo ás singularidades aquí existentes; estas necesidades derívanse principalmente da realización de prácticas por parte do estudiantado a bordo dos barcos Marineda e Breogán durante os meses de maio e xuño.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casteleiro Maldonado, Casabella López, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e o Sr. Reitor.

Apróbase por asentimento o calendario académico para o curso 2006/2007, que figura no **ANEXO IV**, mais con certas matizacións no caso concreto da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

5. PROPOSTA DE LIMITACIÓN DE PRAZAS PARA O CURSO 2006/2007

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica presenta e explica a proposta de limitación de prazas para o curso académico 2006/2007.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Rodríguez Gayan, Casteleiro Maldonado, Casabella López, González Veira e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica.

Apróbase por asentimento a proposta de limitación de prazas para o curso académico 2006/2007 que figura no **ANEXO V**.

6. NOVO MÓDULO JEAN MONNET

Toma de novo a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para someter á aprobación do Consello de Goberno un novo módulo Jean Monnet, que é o que figura no **ANEXO VI**, despois de indicar que a materia, coa denominación “Strategig Management of Quality and Innovation”, impartirase como optativa nas titulacións existentes na Escola Politécnica Superior, na Escola Universitaria Politécnica, na Escola Universitaria de Deseño Industrial e na Escola de Relacións Laborais de Ferrol.

O novo módulo Jean Monnet **apróbase** por asentimento.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA NORMATIVA REGULADORA DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE DOTACIÓN DE PRAZAS DE AXUDANTE VINCULADAS A NECESIDADES DOCENTES E Á CALIDADE INVESTIGADORA

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa detalladamente do contido da normativa reguladora do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas ás necesidades docentes e á calidade investigadora. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, esta normativa foi elaborada tendo en conta todas as suxestións que se formularon no seu día pola comunidade universitaria e trae causa da necesidade de regular a asignación de 15 prazas de profesor axudante (creadas nos orzamentos para o ano 2006 da Universidade da Coruña) en condicións de publicidade, de transparencia, de obxectividade, de concorrencia competitiva e non discriminación.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Dópico Calvo e Rodríguez Gayan. O Sr. Dópico Calvo, director do Departamento de Educación

Física e Deportiva, intervén para expoñer —solicitando que a súa intervención conste en acta— a situación especial en que se acha a escala e o corpo de profesores do INEF (integrados nese departamento e pertencentes á área de coñecemento de Educación Física e Deportiva) e, concretamente, respecto á imposibilidade deste colectivo de solicitar a avaliación de sexenios, un feito que afecta directamente, por exemplo, ás posibilidades de concorrencia competitiva da convocatoria regulamentada pola normativa presentada neste punto. De igual modo, o Sr. Rodríguez Gayán intervén —tamén solicitando que a súa intervención figure literalmente en acta— para preguntar en nome do grupo de investigadores da Facultade de Dereito afectados por esta normativa se se ten en conta no cómputo de horas os profesores que se achán en situación de servizos especiais e aos propios profesores que os substitúen. En resposta ao solicitado polo Sr. Rodríguez Gayán, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinala que se computan as horas dos profesores que en achán en situación de servizos especiais, mais non as dos profesores que realizan a substitución.

A normativa reguladora do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas ás necesidades docentes e á calidade investigadora, que figura no **ANEXO VII**, **apróbbase** por asentimento.

8. LICENZA E REDUCCIÓN DE CARGA DOCENTE

Neste punto da orde do día e antes de que o Sr. Reitor lle conceda a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, a Sra. Vicerreitora de Investigación abandona a sala en que se está a celebrar a sesión do Consello de Goberno.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza para os efectos de docencia e de investigación dun ano de duración formalizada por D. Antonio Paz González (Departamento de Ciencias da Navegación e da Terra da Facultade de Ciencias), para o curso académico 2006/2007.

Apróbbase por asentimento a licenza.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa sobre a solicitude de redución de carga docente do profesor Abalde Alonso (Departamento de Bioloxía Celular e Molecular), equivalente á que correspondería por asumir as tarefas propias dun vicerreitor de universidade, que é formalizada polo Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, atendendo ao feito de que o profesor Abalde Alonso vén de ser nomeado director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

A concesión da redución de carga docente **apróbbase** por asentimento.

9. PRAZAS DE PROFESORADO

Neste punto da orde do día e xusto no momento en que o Sr. Reitor concede a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, a Sra. Vicerreitora de Investigación incorpórase á sala en que se está a celebrar a sesión do Consello de Goberno.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado toma a palabra para informar da relación de trece prazas (todas correspondentes á categoría de profesor colaborador), convocadas en cumprimento do establecido na disposición transitoria terceira dos Estatutos da Universidade da Coruña. Ábrese un quenda de intervencións en que participa o Sr. Graña López.

Apróbase por asentimento a relación de prazas.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa da convocatoria de dúas prazas de profesor colaborador para o Departamento de Tecnoloxía da Construción por amortización de dúas prazas de profesor asociado P7.

Apróbase por asentimento as dúas prazas en cuestión.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da creación de dúas prazas de profesor titular de universidade por amortización de dúas prazas de profesor contratado doutor, ocupadas por profesores doutores habilitados para o corpo de profesores titulares de universidade.

Apróbase por asentimento as dúas prazas en cuestión.

En fin, o Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén anuncia a convocatoria, polo procedemento de urxencia, dunha praza de asociado de substitución P3 para a Área de Fisioterapia, con docencia nas materias Terapia Ocupacional Xeral e Intervención e Reinserción, para cubrir unha baixa por maternidade; e dunha praza de contratado interino de substitución P3 para a Área Didáctica da Lingua e da Literatura, con docencia na materia Idioma Estranxeiro e a súa Didáctica, tamén para cubrir unha baixa por maternidade.

Apróbase por asentimento as dúas prazas en cuestión.

10. MESTRADOS, POSGRAOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa da relación de propostas sobre mestrados, posgraos e cursos de especialización achegada ao Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa a Sr. López Fernández interesándose polo mestrado que dependía da Facultade de Filoloxía e, concretamente, polo cambio de unidade académica responsable.

Apróbanse por asentimento todas as propostas.

11. REGULAMENTOS INTERNOS DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR, DA E.T.S. DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, E DOS DEPARTAMENTOS DE MATEMÁTICAS, QUÍMICA ANALÍTICA, EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA

Os regulamentos internos da Escola Politécnica Superior (**ANEXO VIII**), da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (**ANEXO IX**) e dos departamentos de Química Analítica (**ANEXO X**) e de Educación Física e Deportiva (**ANEXO XI**), **apróbanse** por asentimento. As modificacións do regulamento interno do Departamento de Matemáticas, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 19 de decembro de 2005, tamén se aproban por asentimento, quedando o seu texto tal e como figura no **ANEXO XII**.

12. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS.

O Sr. Fernández Cervantes intervéñ interesándose nos efectos da implantación do novo sistema de créditos ECTS sobre o profesorado, nomeadamente en todo o relativo á súa carga docente, e nos novos criterios de valoración do seu traballo. Interveñen os Srs. Vicerreitores de Profesorado e de Calidade e Harmonización Europea para indicar que, ao día de hoxe, os criterios de valoración do traballo do profesorado son realmente poucos, como tamén o son os distintos modos de premiar o labor do profesorado na implantación do citado sistema de créditos ECTS, en que, por certo, non se rexistran os de natureza económica. O Sr. Fernández Cervantes intervéñ de novo para agradecer aos Srs. Vicerreitores as súas explicacións.

O Sr. Rodríguez Gayan solicita unha maior intervención da Reitoría para poñer fin aos problemas que padecen as persoas discapacitadas da Universidade da Coruña á hora de cursaren con toda normalidade os estudos das súas respectivas titulacións, centrándose concretamente na problemática específica da Facultade de Dereito. Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estudantes para indicar que, desde a súa Vicerreitoría, se tomarán todas as medidas necesarias, mesmo forzando a colaboración con outras administracións distintas da universitaria con competencias sobre a materia, para poñer fin a estes problemas.

De igual modo, o Sr. Rodríguez Gayan quere amosar, no nome da Facultade de Dereito, o malestar existente na citada facultade por clasificarse ao Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña como unha revista de tipo C, cando entende que debería considerarse como unha revista de tipo B. Precisamente por isto, o Sr. Rodríguez Gayan pregunta se se pensou facer na Universidade da Coruña un sistema de baremación propio para evitar, deste xeito, ter que acudir a sistemas de baremación externos ou alleos. Despois de finalizar a intervención do Sr. Rodríguez Gayan, toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para explicar con detalle cales foron as razóns que deron lugar a que o Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da

Coruña fose catalogo como revista de tipo C, e tamén para indicar que a Universidade da Coruña non vai establecer un sistema propio de baremación, se se ten en conta que se está a facer un novo sistema de catalogación das revistas científicas por parte da ANECA.

No nome de asociación estudiantil CAF, toma a palabra o Sr. González Veira, que, despois de indicar que a súa asociación ten coñecemento de que a Vicerreitoría de Estudiantes ten reunións anuais coa Concellaría de Transportes do Concello da Coruña e coa Compañía de Tranvías da Coruña, solicita á Vicerreitoría de Estudiantes que na reunión que este ano se faga para tratar o tema do bono-bus universitario demande o establecemento polas autoridades competentes (Concello da Coruña e Compañía de Tranvías da Coruña) dun bono bus universitario reducido para uso e goce de todos os estudantes da Universidade da Coruña nos campus coruñeses. Tamén demanda o establecemento de pasos de peóns nas proximidades das Facultades de Socioloxía e Filoloxía. O Sr. González Veira conclúe a súa intervención querendo saber cales van ser tanto os tempos como o procedemento para a redacción e a aprobación do Estatuto do Estudiante. Despois de finalizar a súa intervención, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estudiantes para manifestar que está a favor do establecemento dun bono-bus universitario reducido, mais sempre que para a súa concesión se teña en conta o nivel de rendas e que así o fará chegar ás autoridades competentes na materia (Concello da Coruña e Compañía de Tranvías da Coruña). Tamén intervéñ o Sr. Vicerreitor de Estudiantes para informar do proceso de elaboración do Estatuto do Estudiante, en que participarán todas as partes implicadas e que concluirá coa súa aprobación polo Claustro da Universidade da Coruña. Tamén en resposta a intervención do Sr. González Veira, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental para indicar que xa se puxo en contacto en máis dunha ocasión co Concello da Coruña para solicitar o establecemento de paso de peóns, que é unha materia de competencia municipal, se se ten en que polo viario dos Campus de Elviña e da Zapateira circulan vehículos non só da comunidade universitaria.

Nesta rolda aberta de intervencións participa igualmente a Sra. López Fernández interesándose pola oferta de programas de posgrao para o vindeiro curso académico, pola prórroga dos programas de doutoramento e, en fin, pola aprobación do catálogo de graos, amosando neste último punto a desconformidade do seu centro polo proceso que adoptou o Goberno para a elaboración do Mestrado de Formación do Profesorado de Educación Secundaria. En resposta, interveñen o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, a Sra. Vicerreitora de Investigación e o Reitor, sinalando este último que o citado Mestrado de Formación do Profesorado de Educación Secundaria foi realmente algo inesperado, tendo en conta que vai substituír o Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP). De novo intervéñ a Sra. López Fernández para sinalar que, se se ten en conta que outras universidades así o fixeron, a Universidade da Coruña talvez debería amosar a súa opinión sobre o mestrado e, concretamente, a súa insatisfacción se for o caso.

Despois da intervención da Sra. López Fernández, retirase o Sr. Reitor da sesión por causa dunha viaxe que ten que facer a Madrid para asistir á reunión da Subcomisión de

Ensin Técnico do Consello de Coordinación Universitaria, ocupando o seu lugar a Sra. Vicerreitora de Investigación.

O Sr. Navarrina Martínez toma a palabra para solicitar información sobre a convocatoria de novos proxectos de investigación I+D da Xunta de Galiza. Respóndelle a Sra. Vicerreitora de Investigación indicando que a convocatoria en cuestión xa se vai facer pública, non sen antes sinalar que a propia Xunta de Galiza advertira que aquela ía saír con certa demora.

A Sra. Rodríguez Amoroso intervén no nome da agrupación estudantil IESGA para secundar a petición formulada polos CAF sobre o establecemento dun bono bus universitario reducido para uso e goce de todos os estudantes da Universidade da Coruña, mais matiza que a súa concesión debe estar condicionada ao nivel de rendas das persoas beneficiarias del. Igualmente intervén para solicitar que se poñan cinceiros nos espazos de lecer existentes entre as Facultades de Dereito e de Socioloxía, no Campus de Elviña. Remata a súa intervención preguntando que ocorre no sistema de rede, pois se rexistran ultimamente algúns problemas no seu emprego. En resposta a esta cuestión, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea indica que se está a establecer un novo sistema de rede (actualmente estase na segunda fase do proceso de implantación), que pode ser a causa de certos problemas, mais só en parte, porque en moitas ocasións estas eivas de funcionamento do sistema de rede están motivadas por caídas de tensión e, por tanto, non son responsabilidade da propia universidade.

O Sr. González López toma a palabra para poñer de manifesto as dificultades que existen para acceder ao campus universitario de Elviña cando se vén de fóra da cidade da Coruña, precisamente por falta de letreiros de localización. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental comenta que o establecemento destes letreiros son competencia do Ministerio de Fomento, tendo en conta que o seu lugar de localización é a formalmente denominada “Nacional VI”.

O Sr. Dópico Calvo roga que sexa recollido na acta desta sesión do Consello de Goberno que as características referidas á situación actual do profesorado pertencente á escala e corpo Profesores INEF (Disposición Transitoria Quinta dos Estatutos da nosa universidade), integrados na área de coñecemento Educación Física e Deportiva (245) e que representa o 100% dos profesorado desa área na Universidade da Coruña e o 90% do Sistema Universitario Galego, están a afectar directamente, como colectivo e desde un punto de vista institucional, ao lexítimo e normal funcionamento que caracteriza o profesorado universitario no seu labor docente e investigador, ao verse impedidas moitas das opcións e das funcións que están recollidas tanto na actual Lei Orgánica de Universidades (LOU), como na lexislación, na normativa e nos regulamentos propios deste sistema universitario autonómico, en que desenvolve, fundamentalmente, a súa actividade académica e profesional.

O Sr. Fernández Cervantes intervén de novo tan só para solicitar que se proceda á identificación das entidades con que a Universidade da Coruña manteña unha

colaboración permanente, e propón mesmo a elaboración dun catálogo destas entidades colaboradoras.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 horas. De todo o anterior dou fe, como Secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

Vº e Praxe

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

José María Barja Pérez

Xosé Manuel Carril Vázquez